

Resolución da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización do 25 de novembro de 2025, pola que se convoca o programa “Mentoring STEMbach UDC” para o recoñecemento de créditos por actividades formativas relacionadas coas competencias nucleares da UDC para o curso 2025-2026.

I.- PREÁMBULO

A normativa que regula os procedementos de adaptación, recoñecemento e transferencia de créditos nas titulacións oficiais de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña, aprobada mediante acordo do Consello de Goberno de 22 de xullo de 2025, dispón no seu capítulo VI o recoñecemento académico de créditos pola participación en actividades universitarias. Así mesmo, o anexo I, no seu apartado *m)*, establece expresamente o recoñecemento académico de créditos polo aproveitamento das actividades de titorización vinculadas á participación previa no programa Mentoring STEMbach UDC.

O convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento do bacharelato de excelencia STEM (STEMbach) no marco da estratexia educación dixital2030, na cláusula cuarta establece os beneficios para o alumnado matriculado na UDC que acredite que obtivo o título de STEMbach dende o curso 2019-2020 en diante e que se inscriba e participe no Programa Mentoring STEMbach da UDC.

Nesta resolución convócase o programa Mentoring STEMbach UDC para o curso 2025-2026, onde se regulan os requisitos de acceso, as actividades que se poderán desenvolver, o prazo de solicitude para a participación no programa, a avaliación e os efectos académicos da superación do programa.

II.- ACCESO AO PROGRAMA

1. Poderá acceder ao programa Mentoring STEMbach UDC o alumnado matriculado na UDC que acredite que obtivo o título de STEMbach dende o curso 2019-2020 en diante.
2. O alumnado deberá acreditar que cursou STEMbach mediante a presentación do seu historial académico de bacharelato emitido polo centro onde o estudou.

III.- ACTIVIDADES PARA DESENVOLVER DENTRO DO PROGRAMA

1. As actividades que se poderán desenvolver no programa consistirán na participación en tarefas de apoio ao estudantado que estea cursando o bacharelato STEMbach, participar nas xornadas de benvinda da UDC, colaborar nas xornadas de portas abertas ou en actividades divulgativas, culturais ou similares, promovidas ou en que participe a UDC. Estas actividades realizaranse baixo a supervisión das vicerreitorías, centros ou unidades correspondentes da UDC.

Código Seguro De Verificación	+M32b5IGs88rLpqkemS2cg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	25/11/2025 17:56:18
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/%2BM32b5IGs88rLpqkemS2cg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



IV.- PRAZO E FORMA DE INSCRICIÓN NO PROGRAMA

1. O prazo de inscrición no programa comezará a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e estará en vigor ata o 19 de decembro de 2025.
2. A solicitude de inscrición realizarase mediante o formulario disposto para tal efecto na páxina web STEMBach UDC cuxa ligazón se achega a continuación: <https://forms.office.com/e/kMbkJeYNn6>
3. A solicitude de inscrición deberase de acompañar do documento acreditativo de teres cursado o bacharelato STEMBach, segundo o mencionado no apartado II.2 desta convocatoria.

V.- AVALIACIÓN

1. A avaliación das actividades realizadas corresponderalle ao/a coordinador/a STEMBach da UDC logo do informe do persoal coordinador das actividades que se realicen.
2. Para obter unha cualificación de APTO, será necesaria a participación activa nas actividades que se lle asignen dentro das mencionadas no apartado III desta convocatoria.

VI.- EFECTOS ACADÉMICOS DA ACTIVIDADE

1. Ao remate do programa o/a vicerreitor/a con competencias en titulacións acreditará documentalmente a superación do programa para aquel alumnado que obtivese a cualificación de APTO no desenvolvemento das actividades asignadas.
2. A avaliación positiva na realización das actividades do programa permitirá o recoñecemento de 1,5 créditos ECTS por curso académico nas titulacións de grao ata un máximo de 6 ECTS ao abeiro do artigo 10.9. c) do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro.

Na data da sinatura dixital

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Código Seguro De Verificación	+M32b5IGs88rLpqqemS2cg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	25/11/2025 17:56:18
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/%2BM32b5IGs88rLpqqemS2cg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

